

## Apuntamentos para intervención de Manuel Casal Lodeiro, colaborador da ANPA As Brañas (Ames) e coordinador do Instituto Resiliencia, na xuntanza *online* sobre "**Un plan específico para o ensino no rural galego**" (26/01/21) convocada pola Federación de ANPAs de Compostela

Extracto da mensaxe de convite ás ANPAs renitido pola Federación de ANPAs de Compostela (xaneiro 2021):

[ANPAS COMPOSTELA] URXENTE: REUNIÓNS SOBRE O PLAN ESPECÍFICO PARA O RURAL GALEGO

(...)

Estes son os temas que consideramos básicos para o rural galego que trataremos nas assembleas e dos que queremos a vosa opinión:

1. Nivel de implicación das familias na vida dos centros escolares.
2. Vantaxes do rural, estase aproveitando a situación privilexiada da contorna para a súa utilización no ámbito educativo?
3. Situación do galego nas zonas rurais: uso social, uso escolar, uso ritual.
4. Tipoloxía ideal do centro escolar: UNITARIA-CPI-IES // CEIP-IES // CPI incrementado con bacharelato.
5. Atención ao alumnado NEAE, até onde inflúe o rural nesa atención.
6. Transporte escolar: que tempos, e en que condicións, imos defender como máximos de desprazamento, e cal sería o mapa zonal escolar en consecuencia.
7. Mínimos de alumnado aconsellábel, segundo os niveis formativos.
8. Uso de internet: conectividade, alfabetización dixital, dotación tecnolóxica
9. Formación accesoria: música, artes, idiomas, onde queda iso no mundo rural?
10. Servizos complementares: logo das aulas hai algo máis?, implicación dos concellos, e flexibilidade do transporte.
11. Necesidade de contar con profesorado con formación específica.

NOTA: Soamente faremos achegas naqueles puntos nos que a nosa perspectiva coidemos que poida ser de especial interese. Agradecemos as achegas de Joám Evans e Lucía Cao, da Fundación Montescola.

### Vantaxes do rural

- Existen unhas vantaxe obvias para todo o mundo: vantaxes para educar en todo o que implique **reconexión co medio natural**. Isto debería aproveitarse en Ciencias Naturais, Sociais, Galego, etc. (Esta xuntanza celébrase precisamente no Día internacional da Educación Ambiental.)
  - Por unha banda: permite aproveitar **o medio** no que se insire o centro para transmitir mellor os contidos.
  - Por outra: permite estudar a realidade histórica e natural do rural **partindo da realidade local** (aldea, parroquia, bisbarra). Un exemplo serían as Comunidades de Montes, totalmente ignoradas polos curricula actuais pero fundamentais para entender o noso rural (pasado, presente e futuro).

- Mais existe outra vantaxe non tan obvia: o seu punto de partida é que "**o futuro é rural**" (Xoán R. Doldán), basicamente pola escaseza enerxética á que nos diriximos e que forzará unha mudanza de civilización (a enerxía fósil permitiu a industrialización e un abandono progresivo das zonas rurais, máis serodio en Galiza, e que coa fin de enerxía fósil que a fixo posible, é un proceso que se comezará a dar en sentido contrario). Sería longo de explicar aquí; as persoas interesadas poden consultar diverso material, como a [Guía para o descenso enerxético](#), dispoñible de balde en PDF.
- Só isto xa xustifica una "**discriminación positiva**", pois manter o rural produtivo implica **manter poboación**, e á medida que vaíamos quedando sen enerxía fósil, ampliar esa poboación.
- Implica: **posta en valor** do rural e do sector primario, horizontes de vida no rural (non *fluxir* del, como é a norma actualmente), crítica dos futuros tecnoutópicos que enchen os libros de texto, etc.
- **Como aproveitar?** Poñer en práctica todas esas vantaxes (as obvias e as relativas ao contexto histórico de cambio civilizatorio): Falar nas escolas da vida no rural, dos medios de vida (visitas a explotacións, proxectos sustentables, etc. non só da súa zona), visualizar o rural do futuro que quere o alumnado e os atrancos que ven para chegar a el... Facer moita saída ao campo, ás hortas, ás fragas (modelo das Forest Schools dos países escandinavos, e outras referencias). Favorecer as relacións das escolas coas comunidades nas que se insiren.

## Situación do galego

- Especial atención ao uso correcto dunha **lingua galega** de calidade: con isto hai unha tolerancia inaudita, pois desde os directores/as dos centros até os mesmos mestres/as de galego teñen carencias e comenten erros que serían impresentables en castelán.
- Que a calidade da lingua sexa pésima no conxunto social non é desculpa, da mesma maneira que o baixo coñecemento, por exemplo, da Física pola poboación en xeral non exime aos docentes desta asignatura dun coñecemento rigoroso na materia.

## Tipoloxía dos centros

- Debido á situación de mudanza histórica comentado anteriormente, potenciar mantemento de reapertura de **escolas unitarias**: ademais son mellores pedagoxicamente (pola convivencia entre idades diferentes), máis doadamente integradas na comunidade local, máis sustentables (mellor termos moitas pequenas escolas ca poucas e grandes, isto é: máis docentes e menos autobuses) nunha perspectiva de carencia de combustible (que pode estar a poucos anos vista: ref. [Antonio Turiel](#), autor de *Petrocalipsis, The Oil Crash*).

- Reorganizar niveis e centros con isto en mente.
- Dotalos de sistemas de calefacción, eléctricos, auga, etc. **máis resilientes**.

## Transporte escolar

- Actualmente pródúcense **discriminacións** nos centros da periferia das cidades, que desincentivan a vida no rural e a mobilidade sustentable (ref. o caso sucedido no CEP Ventín).
- Hai que reclamar **criterios de sustentabilidade** no transporte escolar (agora inexistentes): tipo de combustible utilizado, eficiencia enerxética (evitar buses demasiado grandes para poucas prazas, p.ex.), compartición con outros pasaxeiros (cando remate a pandemia, claro)... Acabar coas irracionalidades enerxéticas das concesións.
- Criterio absoluto: minimizar gasto de combustible → minimizar necesidades de desprazamento → menos km → escolas máis pequenas e achegadas (unitarias, etc.).

## Mínimos de alumnado

- Non debería haber, sobre todo porque o ensino que se peche por non chegar a un mínimo de alumnos, despois costará moito poñelo de novo en andamento cando volva poboación ao rural.
- Alternativa no entanto: xuntar niveis, integrar na comunidade e p.ex. en formación profesional empregar [o modelo educativo tradicional mestre-aprendiz louvado por Howard Gardner](#).

## Internet e dixitalización

- Internet si, pero dunha maneira **racional**. Demandar conectividade básica no rural pero evitando matar *moscar a canonazos*: preferir conectividade por cable vs. 5G, p.ex.
- Evitar que a escola incremente o **tempo de pantalla** do alumnado, xa excesivo: non aos libros dixitais obrigatorios nas aulas, p.ex.. Ademais son peores pedagoxicamente, prexudican a capacidade de atención e comprensión: así, a élite de Silicon Valley é sabido que [levan os seus fillos a escolas sen pantallas](#). Ademais incrementan o consumo enerxético con respecto a un libro en papel reutilizado curso tras curso.
- Debería preocuparnos máis outro tipo de **alfabetización** cá dixital: a alfabetización ecolóxica, ou en produción de alimentos ou sobre o papel da enerxía, ou como mellorarmos a nosa resiliencia fronte ao declive enerxético ou o caos climático. Evitar deixarnos arrastrar na dixitalización forzosamente

acelerada tras a COVID19 porque non é sustentable nin necesaria, polo menos a certos niveis de dixitalización que se pretende chegar irreflexivamente.

## Formación accesoria

- Formación relacionada co **futuro rural**: menos robótica e máis horta. Permacultura, oficios tradicionais, bioconstrución, produción de alimentos, reciclaxe e reutilización, fitoterapia, aproveitamento forestal multifuncional sostible, etc., etc. Obradoiros con **sabedoras/es locais** (oficios tradicionais, horta sen insumos fósiles, etc.) ou doutras áreas (intercambio de experiencias e coñecementos: Universidade Rural Galega, Proxecto Ronsel...).
- Oferta de formación cultural e deportiva en **igualdade** coas áreas urbanas, sen esquecer a cultura e deportes tradicionais galegos.
- **Formación en valores** (ecosociais) necesarios para a Transición Ecolóxica. Por exemplo formación sobre o **papel da enerxía** nos cambios que vivimos no pasado e van vivir as crianzas no seu presente, o modelo agroecolóxico vs. **extractivista**, como vivir mellor con menos, etc.
- Implicar tamén as **familias**: formación de adultos/as que o precisen, nestes mesmos temas, formación conxunta das familias.
- Pensar os horarios deste tipo de formación para compatibilizar coa minimización do transporte e a igualdade entre os que viven na vila e nas aldeas, ou facer actividades distribuídas.

## Profesorado con formación específica

- Priorizar profesorado que **proveña ou coñeza ben o rural**, con formación complementaria en ecoloxía, sustentabilidade, permacultura, agricultura ecolóxica, resiliencia, etc. E que trasmita o **amor** ao rural (motivado).
- Sempre que for posible, que **resida** na propia contorna do centro, e forme parte da comunidade, que se implique... Isto facilitará o comentado acerca da **lingua**.
- Dar incentivos para **evitar a volatilidade** do profesorado rural: e non só monetarios... por que non proporcionar vivenda de balde? Alimentos de proximidade? Vales para consumo local? Experiencia histórica de utilidade: *mestres de ferrado*. En todo isto serían moi útiles as colaboracións dos Concello.
- E, alternativamente, avaliar a conveniencia de atraer mestres de fóra (Portugal, resto de España, Iberoamérica, Europa?...). Facer un programa para atraer mestres rurais con ese tipo de formación e amor ao rural.

## Outros temas

- Convén reclamar unha defensa do **homeschooling**. Xa hai leis en Catalunya, Euskadi... que avanza nese sentido, e é legal en moitos outros países. É unha fórmula interesante e acaída aos tempos que veñen.
- Tamén facilitar os modelos de **escola comunitaria (non estatal)**, ao estilo da [Semente](#).
- Para todo isto hai que reclamar **leis novas** que admitan estoutros tipos de ensino dunha maneira regulamentada e mesmo que as promovan como complemento aos modelos actuais. Podíase comezar recuperando e ampliando o programa "**Prescolar na casa**" (35 anos), usando TV, radio, Internet, revista impresa e encontros presenciais. Lembremos que o seu peche (2012) foi considerado no seu día "un atentado á equidade".
- Tamén apoio a proxectos educativos complementares que parten deste tipo de valores e visións, como os da **Fundación Montescola**, [recentemente premiada pola Universidade da ONU](#).
- Outra referencia de interese para un ensino acaído aos tempos de Transición Ecolóxica: [La vía de la simplicidad](#), de Ted Trainer (nomeadamente o seu cap. 9).
- Imos cara a tempos onde a **autoxestión** virará central para moitos aspectos da vida, e o Estado, cada vez con menos recursos, pode facilitar poñer o ensino tamén en mans das comunidades locais que así o desexen. Sería moi **favorecedor para o repoboamento rural**, que non é para nada "imparable"...
- Reclamar unha profunda **revisión ecosocial dos curricula e dos contidos** dos libros de texto para potenciar eses valores, o valor do rural como futuro, menos tecnofantaxía, etc. A Transición Ecolóxica é **cultural, non tecnolóxica**, e polo tanto o papel da Educación é fulcral.